

CONCURSO “TARXETAS DE NADAL. TERRAS DE AGUIAR”


- O **ámbito** do concurso é local, podendo participar no mesmo todos os veciños e veciñas que así o desexen.
- **Categorías** que se establecen:
 - Menores de 5 anos
 - De 6 a 10 anos
 - De 11 a 15 anos
 - Maiores de 16 anos
- **Requisitos** para participar:
 - As obras deberán ser inéditas e, de levar texto, estará escrito en galego.
 - Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.
 - Os traballos presentaranse baixo lema ou pseudónimo, os que non se presenten así, quedarán descartados.
 - O material a empregar é libre: papel, pintura de dedos, ceras, soporte informático, ...
- O **lugar de presentación** será a Biblioteca Municipal. As obras entregaranse en sobre pechado indicando a categoría á que pertence e o lema ou pseudónimo baixo o cal a presenta, e dentro outro sobre pechado cos datos do autor ou autora da mesma.
- O **prazo de admisión** será desde o 9 de novembro ata o 4 de decembro.
- O **xurado** estará composto pola Concelleira de Cultura do concello do Pereiro de Aguiar, Adriana Rodríguez e Víctor Ulla ambos licenciados en Belas Artes e rexentes de 13.14artes plásticas. O ditame do xurado celebrarase o 9 de decembro, sendo este inapelable.
- O nome dos gañadores ou gañadoras será publicado na páxina web do concello. A entrega de premios farase o martes 5 de xaneiro de 2016 coincidindo coa Festa de Reis.
- **Premios:**

Categoría menores de 5 anos

- Material escolar + lote de libros
- Material escolar + lote de libros
- Material escolar + lote de libros

Categoría de 6 a 10 anos

- Material escolar + lote de libros
- Material escolar + lote de libros
- Material escolar + lote de libros



Ana Suárez González
46 años

Categoría de 11 a 15 anos

- Vale de 60 euros
- Vale de 40 euros
- Estoxo de pinturas

Categoría mais de 16 anos

- 100 €
- 75€
- 50€

O xurado concederá un **premio especial** á tarxeta mais significativa, de entre as tarxetas premiadas. Este premio consistirá na impresión da tarxeta e o seu reparto a todos os veciños e veciñas do municipio co saúdo de Nadal que cada ano vén realizando o alcalde.